

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº88/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de xuño/ Estado de comezo de Verán

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com




Parque activo e necesidade dun Técnico Cultural que organice actividades en Ons. Páx. 1



Xa temos o libro “*Cando a tormenta pase*”, ambientado na Illa de Ons, nas librerías. Páx. 2

Entrevista a J.M. Dopazo, sobre o Entroido en Ons. Páx.2




Actividades Literarias en Ons. O Concello de Bueu debería involucrarse nesta actividade cultural. Páx. 2



Unha segunda vida para os carros de man en Ons. O “*Chirincart*”, unha alternativa. Páx. 3

Por que no se presentan ao público os Proxectos subvencionados polo Parque? Páx. 3



O documental “*A última dorna de Ons*”, preséntase na Illa o xoves 27. Páx. 4
Foto: Anxo Cabada



Un barco da 7ª lista propiedade dun veciño de Ons, sóltase do morto e vai parar as rochas preto de Melide. Páx. 5



O biólogo Jacobó Fernández, premiado pola Sociedade Nacional de Acuicultura. Páx. 4



FARO DE ONS
Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios. Páx. 6

Asistentes ao *Congreso Internacional Económico e Ecolóxico*. Juan Castiñeiras un dos cocineiros invitados. Páx. 5



O fotógrafo *Anxo Cabada*, realizou varias exposicións en diferentes lugares sobre “*As percebeiras de Ons*”. Por que non no Centro de Visitantes? Páx. 5

ACTIVIDADES PARQUE NACIONAL EN ONS

Como vén sendo habitual nestes últimos anos, Parques programa unha serie de Rutas polas catro illas que o compoñen. En Ons, é unha ruta que sae ás 12 e remata sobre as 14 h. e que percorre toda a parte central da Illa.

Sen deixar de ser interesante, consideramos este anuncio moi exíguo, pois considero que habería que programar e dar a coñecer máis actividades durante a época estival que dera pé, aos que queiran visitar unha Illa que é parte integrante dun Parque Nacional, a organizar a súa excursión-estancia, xa sexa por un día ou con vistas a pasar varias xornadas. Coido que non é difícil organizar, por exemplo:

- Charlas histórico-arqueolóxicas con rutas e visitas guiadas. Con visualización de vídeos.
- Charlas e rutas etnográficas, centradas en: toponimia, piornos, pesca do polbo tradicional, reunións con veciños/as, exposicións fotográficas, vídeos e documentais,...
- Charlas e rutas específicas sobre toponimia con explicacións do seu por que, con posibilidade de contar con especialistas no tema.
- Charlas, exposición e posibilidade de viaxe arredor da illa, para contemplar e deliberar sobre as Furnas dos cantís, explicando as súas peculiaridades de todo tipo, contando con especialistas (Aradelas),... .
- Rutas biolóxicas, dedicadas á fauna e flora. Con exposicións, documentais, vídeos,...., tamén impartidas por persoal especializado.
- Xornadas dedicadas ao tema do lixo e a limpeza nas praias de microplásticos, con posibilidade de estudo sobre o tema e da súa concienciación.
- E un longo etc, que, programado con antelación (maio – xuño ou antes), demostraría que o Parque é **ACTIVO** e que busca, nas persoas que o visitan, que a súa estancia (curta ou longa) sexa aproveitada, a ser posible, na súa totalidade, onde, paralelamente, tamén haxa tempo para un baño, tomar o sol, saborear unhas cervexas e ata deleitarse escoitando algo de música a un volume acorde co lugar onde están, un Parque Nacional.

Só fai falla un **TÉCNICO CULTURAL** que sexa un bo **ANIMADOR** que, xunto coas persoas que traballan en e por Ons (persoal de Parques, navieiras, campamentos, voluntariado, cámping, veciños, asociacións,...) e coordinados polo Director do Parque, sexan quen de organizar e levar a cabo a máxima que, creo que só por quedar ben, dixo o Presidente da Xunta:

“BUSCAMOS UN TURISMO QUE REIVINDIQUE A NOSA HISTORIA”

Se esa frase a dixera co corazón e non por protocolo, porque estaba nunha visita a unha illa do Parque, a súa Conselleira de Medio Ambiente e a nova Directora Xeral de Patrimonio Natural, estaría xa á procura dese **TÉCNICO/A CULTURAL**.

RUTAS GUIADAS EN
Cíes Ons Sálvora Cortegada
COS GUÍAS DO PARQUE NACIONAL

CORTEGADA, O SEGREDO DUN ROSQUE NO MEDIO DO MAR
30 de xuño, 14, 21 e 28 de xullo, 1, 15 e 25 de agosto.
Porto de Carril (varios horarios según a marea).
Transporte 10€. 15 plazas/día.

SÁLVORA, ESCULTURAS E LENDAS
11, 23 e 24 de xullo; 3, 7, 20, 21 e 29 de agosto; 5 de setembro.
Desde Porto de Aguiño (25€) e Escorobote (25€) e O Grove (22€) según o día.
11 ou 15 plazas/día.

ONS E CÍES
Oferto de rutas e diario.
Apíntate nos costes de información das illas ou reserva plaza a través do central de reservas nas rutas ofertadas ás 12h os xoves en Cíes e os venres en Ons.

RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.illascantonicas.gal

XUNTA DE GALICIA

INTERPRETACIÓN E DIVULGACIÓN NA ASTRONOMÍA

Porfente: Jorge Calderón, Guía Starlight do P.N.M.T.I.A.C.

Parte Teórica: Sábado 15 de Xuño 10:00 Duración 3 Horas
Sede central do P.N.M.T.I.A.C. r/ Oliva, nº 3 - 36201 Vigo

Parte Práctica: Fariase 2 grupos 11 e 19 de Xuño 11:00. Duración 3 horas
Lugar: Monte Galileiro (Vindos, Gondomar)

Información e inscrición en:
illascantonicas.gal@asiste-un-dos-nossos-cursos
Tfno.: 886 218 090

XUNTA DE GALICIA

CHELONIA

(19/06/2024)

“É un colectivo internacional, sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo realizar estudos científicos e a conservación de especies e ecosistemas ameazados, así como á execución de proxectos de voluntariado e cooperación internacional...”

Así é como nolo presentan, pois ben esta agrupación vai realizar en Ons, segundo din: *“Entre los días 28 y 30 de junio Chelonia, con el apoyo del Parque Nacional Marítimo Terrestre Islas Atlánticas de Galicia, realizará una actividad de “Tipificación y Sensibilización de Visitantes” en la isla de Ons, dentro de su Proyecto de Voluntariado en Parques Nacionales. Esta actividad proporcionará o reforzará conocimientos sobre la problemática de las basuras marinas, la importancia de los océanos y la sensibilización ambiental como herramienta para buscar cambios que permitan abordar desde la sociedad problemas ambientales como el de los residuos. Por otro lado, a través de encuestas y materiales, se recabará información básica sobre los visitantes que llegan a la isla y sus preferencias y se buscará su sensibilización sobre los temas indicados. Las plazas para esta actividad son limitadas.”*

“Chelonia aportará todo el material necesario para el desarrollo de la actividad y cubrirá los gastos del viaje en barco.

Se cubre:


Billete de barco de ida y vuelta.

Alojamiento (noche del viernes al sábado y del sábado al domingo en tiendas glampling compartidas).

Comida y cena del viernes; desayuno, comida y cena del sábado; desayuno y comida del domingo”.

Moi interesante iniciativa que conta co apoio do Parque Nacional. Iniciativas como esta, podería organizalas o propio Parque durante todo o ano e desestacionalizar, buscando un Turismo Activo; pero fai falla un Animador Cultural que traballe a prol de Dinamizar o Parque e que non estea á espera do que os demais proxecten.

PREMIO FERNANDO LARA 2024




Fernando Miranda no Faro de Ons, mostrando o libro de Manel Loureiro: “Cando a tormenta pase”. Ao que engade: “Cando pase, visitar a Illa de Ons”.

<CUANDO LA TORMENTA PASE>. Un libro máis a engadir ás BIBLIOTECAS do Parque

Xa temos o libro nas librerías. Aquí, o dono da Librería Miranda de Bueu que se encargou de dar unha boa publicidade a este libro que está ambientado na Illa de Ons. Eu estou deixando a súa lectura para cando estea na propia illa, durante o mes de xullo, despois comentáremolo.

Seguindo coa miña teima de que unha **Biblioteca** sobre temáticas do Parque Nacional na súa sede de Vigo, e nos Centros de Visitantes das illas que traten temas vinculadas a elas, sexa unha realidade, aquí seguirei dando ideas para que o Parque proxecte **Actividades** que atraian cara ás súas illas a persoas dispostas a estudar e investigar sobre as súas peculiaridades, pois, a carón da importancia que teñen a nivel biolóxico, medio ambiental e paisaxístico, non son menos valiosas as súas singularidades históricas, etnográficas, antropolóxicas, arquitectónicas,..., económicas, polo que, atraer cara a elas a persoal cualificado que as estude, debería ser un obxectivo prioritario para as distintas administracións que teñen algo que ver con Ons, como son, o Concello de Bueu, Parques e a Xunta de Galicia.

Seguímos con libros



JOSÉ MANUEL DOPAZO ENTENZA

“O Entroido na Illa de Ons”

No seu momento xa falamos desta revista-libro sobre o Entroido en Galicia, no que ao colaborador de AUNIOS e investigador da Fala de Ons e demais aspectos etnográficos desta engaiolante illa, Dopazo, fanlle unha entrevista sobre o Entroido en Ons, tema que leva investigando dende hai anos e que espera, en breve, sacar un libro sobre el, que agardamos con entusiasmo.

ACTIVIDADES LITERARIAS EN ONS





Outra interesante Actividade a realizar en Ons durante o verán, ou tamén no inverno, e que debería ser un proxecto a levar a cabo polo **Concello de Bueu**, na súa faceta **CULTURAL** pola concelleira de Cultura, sería a presentación de libros sobre esta Illa, mesas redondas literarias, organizar o Día do Libro de Ons,..., e un montón de ideas máis, xa que Ons pertence ao seu municipio e o orzamento cara esta illa é mínimo, por non dicir, que non existe, así que unha pequena dedicación cultural, sería moi interesante.

Levar a **Meixide, Parcero, Manel Loureiro**,..., e que nos conten algo sobre os seus libros ambientados en Ons.

Felpeto, Julio Santos, Dopazo,..., que nos falen das súas experiencias e investigacións na Illa e ata de como levalas ao campo educativo como no caso de Felpeto co seu libro “Faro de Corazóns”, con Unidade Didáctica incluída.

E tocar o caso de personaxes que tiveron moito que ver coa Illa, como o caso de Didio Riobó, dos que nos poden falar **Cidrás e Marta Lemos**.

E se tamén contamos con directores de cine como **Zarauza** que nos fale da realización da súa película ou **Anxo Cabada e Antón Davila**, sobre o documental da Dorna e pesca tradicional do polbo, serían **ACTIVIDADES** únicas e de un gran atractivo se o publicitan como é debido.





CONTOS DE TABERNA <O CHIRINCART>

Mentres aos nosos gobernantes non se lles ocorre nada para mellorar a nosa querida Illa, teñen que ser os protagonistas de *Contos de Taberna* (*Manolo e Pepe da Illa*), os que, coas súas ocorrencias, fan máis levadías as andainas aos visitantes desta illa.

E, aí o tendes, inventaron o <Chirincart>, dándolle un novo uso ao vello carro de man que, en tempos pretéritos, era empregado polos aunienses para transportar dende o peirao ata as súas vivendas, todo tipo de materiais e mercadorías.

Agora, co tino de darlle un servizo de avituallamento aos que dende Curro deciden ir coñecer o Miradoiro de Fedorentos, a saudar ao Demo no seu Buraco, ir ao *Museo do Faro*,..., ou a poñer o cuiño moreno a Melide, montaron este necesario *minichiringo*, con toda clase de bebida e, ademais, de *xeito gratuito*, grazas a unha desas subvencións de Next Generation que reparte a Xunta á xente *emprededora* como eles.

Como vedes, non dubidaron en presentalo ao público, non como outros beneficiados destas subvencións, dos que non coñecemos os seus proxectos, agás honrosas excepcións, posto que nin eles nin o Parque as dan a coñecer. Cal será o motivo?

Pois ben, o *Chirincart*, debido á súa doada mobilidade, poderalo atopar por calquera camiño, corredoira, carreiro, sendeiro,..., auniense. Non dubidar en achegarse a el e servirvos unha *cañita gratuíta*, non como en Madrid, que *Yúsoa* a puxo de moda, e cóbranas de carallo!!!

PROXECTOS SUBVENCIONADOS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E PARQUES

Desta non vou entrar a comentar-reprobar a normativa pola que se rexen esas subvencións para a Área de Influencia do Parque Nacional que poderían ser un incentivo para aqueles investigadores que queren traballar a prol do Parque de calquera municipio da nosa Comunidade ou do Estado, pero que ás cabezas pensantes da Xunta as limitan só a Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía.

E despois queren que o Parque sexa *Patrimonio da Humanidade*. Será só deses concellos.

Pois, entrando no tema, o que supoño un Equipo Multidisciplinar do Parque, elixen os Proxectos que anualmente se presentan para ser subvencionables, supoño que valorando o seu beneficio a prol do Parque, e outorgan as Axudas. Despois dun tempo de traballo, eses Proxectos son presentados e, en canto son aprobados polo que, supoño, equipo avaliador, se lle paga a subvención concedida.

O que non teño moi claro é se, eses traballos, posteriormente Parques, obriga a presentalos publicamente, demostrando así o bo emprego dos cartos públicos que se invisten en subvencións, pois coído que se non se fai, pode pensarse que o equipo avaliador ten preocupación polo seu labor de valoración dos proxectos subvencionados.

Non miren estas palabras como unha crítica, están baseadas no interese que unha persoa, que paga os seus impostos, pode ter por todos ou algún deses traballos subvencionados, e coído que debería poder pedir á administración que xestiona eses cartos, que polo menos informen e presenten publicamente, eses ensaios ou investigacións realizadas.


Podo asegurarlles que levo meses pedindo a Parques que se presenten algúns dos Proxectos do pasado ano, no meu particular caso, que teñen que ver con Ons, e que, aos que levamos anos vinculados culturalmente a esta illa, poden interesarnos.

Pois, o único que recibo son largas, supoño á espera de aburrirme e que deixe de *dar o coñazo*. A pregunta, inevitablemente, xorde: *Por que esta actitude da Consellería? Non coidan que induce a pensar mal?*

Como suxestión, unha idea sería, que durante a etapa estival, como unha boa ACTIVIDADE, os presentaran nos Centros de Visitantes das illas, segundo o proxecto sexa de cada unha delas.

Seguiremos á espera!!!





O documental “A ÚLTIMA DORNA DE ONS” preséntase na Illa. Un exemplo do bo facer dos seus realizadores. Un documental subvencionado polo Parque e que está sendo presentado ao público. Xa o fixeron en Vigo, Pontevedra, Bueu,

Marín e agora en Ons, sen dicir, que teñen un bo número de peticións.

O día será o xoves 27 de xuño, quizais sería mellor un sábado ou domingo, pois por motivos laborais moitas persoas non poderán acudir, pero moitas veces non se pode realizar, por diferentes motivos, cando sería a mellor data.

Esperemos que haxa público e, sobre todo, que lles guste.

Fotos: Anxo Cabada. Cartel de presentación e un intre da gravación.

OUTRO PREMIO PARA JACOBO FERNÁNDEZ

Jacobo, biólogo meco, do que xa destacabamos nestas páxinas que fora galardoado como **BIÓLOGO do ANO** polo Colexio de Biólogos de Galicia, agora vén de recoller outro galardón, desta vez concedido pola Sociedade Nacional de Acuicultura pola súa traxectoria neste campo ao longo de máis de 40 anos de traballo e investigación.

O galardón foi entregado no transcurso do Congreso anual que esta sociedade celebrou este ano en Canarias.

Jacobo é deses profesionais moi comprometido co seu traballo, sempre aberto a novas experiencias e disposto a prestar o seu apoio a todo aquel que o necesite. A palabra NON no existe para el, só coñece: axuda, colaboración, apoio, cooperación,..., diálogo. Sempre disposto a tender unha man a quen o necesita, e de non poder ser, intenta buscar solucións e alternativas; non deixa a ninguén tirado.

Todo un profesional que, despois de dedicarlle tanto esforzo ao seu traballo, agora xa xubilado e que o descanso debería ser o seu degoiro, aínda segue na brecha, apoiando ao mundo cultural meco coa súa experiencia.

Jacobo é un bo amigo e colaborador da revista cultural AUNIOS.



UNHA LANCHA DE RECREO SÓLTASE DO AMARRE

Eran as 9 da mañá do domingo 16 de xuño, cando, a piques de espertar, escoito o son do *wasapo* do meu móbil. Abro e leo:

- *¿Sabe algo dun rescate en Ons?*
- Pois, nada de nada, é a primeira noticia que teño. Que pasou?
- *Aún no lo se, es entre Melide y el puerto.*

Decidín preguntar e pronto recibín noticias, unha lancha da 7ª lista dun veciño de Ons, se soltara do morto onde estaba fondeada e, aínda que non había moito mar, foi dar ás rochas preto da praia de Melide.

Sei que chegou axiña a lancha de Salvamar e comprobado que non había ninguén dentro e que, intentar o seu remolque non era viable debido á importante vía de auga que tiña, houbo que esperar xa á tardiña, para que unha gabarra especializada, lograra izala e transportala ao porto de Portonovo.

Non sabemos cal puido ser o motivo, pero os danos son importantes, polo que só cabe esperar que o seguro se faga cargo da reparación.



Fotos da lancha:

Esquerda: Imaxe do Parque Nacional, onde podemos ver o lugar onde quedou varada en Ons.

Dereita: Despois da súa chegada a Portonovo, no momento de izala. Podemos observar os graves danos que tiña.



**JUAN CASTIÑEIRAS.
UN DOS COCIÑEIROUS QUE AXUDOU NO
“CONGRESO INTERNACIONAL
ECONÓMICO E ECOLÓXICO”**

Este congreso, que celebrouse en Pontevedra, contou con varios cocinheiros invitados que participaron na elaboración dalgúns dos pratos para máis de 600 persoas, con comida só vegana e de horta de mar de proximidade e fóra dos canles comerciais comúns, estes foron os grandes cocinheiros invitados:

De pé pola esquerda: **Roberto** do Quinteiro de Temperán e **Juan Castiñeiras**.

Sentados: esquerda **Candido** de Xeve, e dereita: **Antonio** cocinheiro de Terra de Montes.

De pé, pola dereita: **Suso** de Cangas,

Ao fondo, á esquerda, **Manolo Cabada**, director da empresa organizadora <Grupo Norte> e responsable de que todo saíra perfecto, como así foi.

Comentar que estes cocinheiros asistiron ao evento de xeito altruísta, colaborando con Uvigo e a organización.

Apuntar que **Juan Castiñeiras**, a carón de colaborar na revista cultural **AUNIOS** da As. Pineiróns, estivo vivindo en Ons durante 12 anos dende 1984 e que **Manolo Cabada**, asiduo tamén de Ons, é irmán de Anxo Cabada que realizou os documentais sobre Cesáreo “Ao fío do Retrato” e “A última dorna de Ons”.



Juan Castiñeiras axudando na preparación dun dos pratos con *Ulva lactuca*, a abundosa leituga panelo.

Juan Castiñeiras, o noso *micólogo e cocinheiro de cabeceira*, dinos que foi unha interesante experiencia. No evento fixéronse 12 pratos, 12 almozos para 1200 persoas e todo con produtos veganos. Usouse té de camelia galega.

O último día, organizouse unha festa coa feitura dunha queimada-foliada levada polo Quinteiro de Temperán de San Vicente de O Grove.

Por poñer un exemplo do Menú dun dos días:

Primeiros Pratos:

- Papa de millo corvo con chícharos ecolóxicos.
- Pementos de Herbón con cachelos.

Segundos Pratos:

- Fabas de Lourenza con calabizo (embutido de cabaza afumado e curado) e cogomelos.
- Arroz caldoso con algas da Ría de Aldán e verduriñas de tempada.

Sobremesas:

- Tarta de castaña galega
 - Biscoito de cenoria
 - Froita de tempada
- Todo con auga e pan galego.

Aínda non sendo vegano, sería todo un luxo probar eses pratos, en especial, sabendo da profesionalidade dos cocinheiros e a calidade do produto empregado.



“EMILIA, PERCEBEIRA DE ONS

Nos anos 90, ir a Ons coas percebeiras era unha aventura...daquela ían coas súas batas e movíanse axilmente co ritmo da marea, coa forza e habilidade de buscar o froito do mar máis prezado e o mais perigoso de coller, o percebe.

Entre onda e onda aproveitaba para retratar a Emilia, Sarita, Chefa, Olga, Carne, Berta, Aurita... sempre estarei agradecido pola súa disposición e xenerosidade..

Agora iremos a Ons este xoves a presentar o documental “A última dorna de Ons”, con Cesáreo, e outros veciños da illa, no centro de Visitantes ás 13h.

Pero as paisaxes e as xentes de Ons son sempre un motivo para voltar a Illa, un paraíso atlántico”.

**FOTOS DE ANXO CABADA SOBRE AS
PERCEBEIRAS DE ONS**

Hoxe, 24 de xuño de 2024, Anxo Cabada na súa páxina de facebook comenta:

FARO DA ILHA DE ONS

"ATALAIA QUE ILUMINA O ATLÁNTICO"

Reivindica o seu novo estatuto Cultural como MUSEO

